

BOLETÍN TRIMESTRAL IES CURTIS

UN ANO MÁIS...

*¡100% de aprobados
en Selectividade!*

III CERTAME DE FOTOGRAFÍA MIRA A TÚA CONTORNA



Imaxe gañadora: Lagoa de Sobrado, por Laura Míguez Sánchez, 2º ESO



Accésits: Lucía Pérez López, 2º ESO, e Alicia Seoane Freire, 4º ESO

CONTIDOS:

PÁXINA 1: III Certame de fotografía Mira a túa contorna

PÁXINA 2: O club de lectura viaxa a Santiago | Encontro literario con Xabier P.Docampo | A nosa biblioteca | Outras actividades

PÁXINA 3: Promoción 2013/2015 | Visitamos a exposición El Motor de la Historia | 4º da ESO participa nun concurso de robótica

PÁXINA 4: II Certame de Galcamisetas | Certame escolar de blogs | Gañadores do II Certame de Ensaio | Gráfica de resultados académicos | Saúda do director

O CLUB DE LECTURA VIAXA A SANTIAGO



O pasado 30 de abril, os alumnos e profesores que forman parte do Club de Lectura do IES de Curtis viaxaron a Santiago. Na primeira metade da xornada fíxose unha visita guiada polo MUPEGA (Museo Pedagóxico Galego): despois de ver os xoguetes, as aulas e os materiais do ensino das épocas anteriores á presente, é fácil darse conta das facilidades que temos hoxe para acceder á cultura.

Xa no tramo final da mañá, a Librería Couceiro ofreceunos un proveitoso taller de restauración de libros antigos. Por outra banda, os nosos lectores puideron percorrer os diferentes andares do establecemento, manexar libros de distinto tipo e mesmo mercar aqueles que eran do seu interese.

O obxectivo, como sempre dentro do club, é subliñar a importancia de sermos bos lectores para conseguir que o noso mundo sexa un pouco mellor. Lembra de o que nos deixou dito o escritor arxentino Jorge Luis Borges:

“Uno no es lo que es por lo que escribe, sino por lo que ha leído”.

Jorge Luis Borges.

ENCONTRO LITERARIO CON XABIER P. DOCAMPO



Xabier P. Docampo mantivo un encontro literario cos seus lectores de 1º e 2º ESO, tal como recolle Manuel Sánchez Abelenda en <http://sondenoso.blogspot.com.es/2015/06/grazas-xabier.html>

Foi unha sesión moi dinámica e divertida. Entre outras moitas cousas, recordounos a importancia da lectura e dixerón que había que ler, e que as linguas suman, nunca restan; por iso, quen sabe galego e castelán sabe máis có que só sabe falar unha delas.

A NOSA BIBLIOTECA



Como nos anteriores trimestres a biblioteca do noso IES -aparte de ofrecer os seus servizos habituais de empréstimo, traballo en sala, lectura de lecer ...- promoveu as seguintes actividades:

Creación dunha exposición sobre publicidade actual, con carteis elaborados polo alumnado do IES, contando coa colaboración de diferentes departamentos didácticos.

Organización do concurso *A voltas coa publicidade*, para toda a comunidade educativa, destinado á investigación sobre técnicas e recursos manexados en coñecidos anuncios.

Gravación do vídeo colectivo *Digocho eu*, onde o alumnado de diferentes idades e etapas educativas fixo recomendacións lectoras ao resto da comunidade.

Continuidade da actividade do *Club de Lectura Fendetestas* en todas as etapas de ESO e 1º de Bacharelato.

Colaboración na segunda edición do *Concurso de Ensaio* do IES de Curtis.

Difusión de materiais relacionados coas matemáticas, por proposta do departamento que imparte esta materia: selección de lecturas, paneis con recomendacións cinematográficas...

Docencia do Equipo de Biblioteca noutros IES, a petición do CEFORE, para mostrar a dinámica de traballo e funcionamento da nosa biblioteca.

Creación dun boletín de lecturas para o verán, destinado a toda a comunidade educativa.

E ADEMAIS...



Os alumnos e alumnas de 2º ESO visitamos o MUNCYCT, a cidade medieval da Coruña, asistimos a un concerto en Santiago e “Miramos a Costa da Morte”.

2º bach. asistimos a unha charla sobre o Ciclo Superior de Edificación Civil.

3º ESO , 1º e 2ª bach. visitamos ENDESA e, nunha viaxe posterior, GADISA. Xogamos ao padle en Arteixo e “Miramos o Barbanza”.

4º ESO visitamos as instalacións e o museo de La Voz de Galicia e o porto exterior da Coruña.

1º ESO “Miramos Campolameiro”.

Os alumnos e alumnas que asistimos ao Conservatorio e ás Escolas de Música realizamos un concerto para os compañeiros/as de 1º e 2º ESO.

PROMOCIÓN 2013/2015



Bacharelato



Electromecánica de Vehículos Automóviles, Instalacións Eléctricas e Automáticas, Ciclo Medio de Xestión Administrativa, Sistemas Microinformáticos e Redes

VISITAMOS A EXPOSICIÓN EL MOTOR DE LA HISTORIA



Visita do CM de Mecánica de Vehículos, CM de Xestión Administrativa e FP Básica á exposición "El Motor de la Historia", organizada pola Fundación Jorge Jove no recinto de ExpoCoruña, o xoves, 9 de abril de 2015. Esta

exposición é un anticipo do futuro Museo da Automoción e Historia, que acollerá exposicións temporais e permanentes nun percorrido pola automoción de finais do século XIX e século XX.

O ALUMNADO DE 4º ESO PARTICIPA NUN CONCURSO DE ROBÓTICA

O 24 de abril fomos a Vigo catro equipos de alumnos e alumnas de 4º ESO A para participar no concurso de robótica organizado pola EEI (Escola Enxeñeiros Industriais) en Vigo. Competimos con outros institutos de toda Galicia con "renacuajo" un robot segueliñas, que montamos e programamos para que seguira unha liña branca. A competición consistiu en dúas probas, unha de velocidade, na que os robots debían percorrer un circuíto no mínimo tempo posible, e unha de persecución, na que se trataba de non ser alcanzado polos outros robots.

Ao final da competición agasalláronnos a tódolos participantes cunha chapiña gravada co nome dos nosos equipos.



II CERTAME DE GALCAMISETAS



Parabéns a Ritxi Fontoira, autor da camiseta gañadora: *Es de Curtis ou vés á feira*; e a Cristófer Gutiérrez e Javier Bello, creadores do deseño: *Penso, loxo existo* que foi galardoado cun accésit.


II CERTAME ESCOLAR DE BLOGS DO IES DE CURTIS



Carriceira, o blog de Elvira Sánchez Barreiro, de 4º ESO resultou gañador no II Certame de blogs. Síguelo en <http://carriceira.blogspot.com.es/>.

Pedro Liñeira Rey, autor de *Sobre dúas rodas* e Andrea Seoane, autora de *Paula e Andrea*, obtiveron cadanseu accésit.

RESULTADOS TERCEIRA AVALIACIÓN



DIRECTOR: Juan Carlos Fandiño da Torre
VICEDIRECTORA: Paula Ugarte Fernández
XEFA DE ESTUDOS: Yolanda Suárez Martínez
SECRETARIO: José Antonio Paz López
ORIENTADORA: María Jesús Pantín Ruíz

equipo de normalización lingüística IES de Curtis

IES DE CURTIS

Rúa Xermán de Castro s/n 15310 Curtis (A Coruña) Tlf/Fax 981786100/981786298
www.edu.xunta.es/centros/iescurtis

RESOLTO O II CERTAME DE ENSAIO DO IES DE CURTIS



Parabéns ás alumnas e alumno de 2º de bacharelato:

Uxía Iglesias Reviejo: *Lexitimidade das consultas populares nun sistema democrático*, 1º premio.

Marcos Montes Lagares: *La utilidad del arte*, 2º premio

Ángela Balado Graña: *Emigración, pasado y presente*, 3º premio

Podes ler os traballos gañadores no blog da Biblioteca Sarmiento e en Son de noso.

Remata outro curso académico e con el unha promoción de alumnos e alumnas de Bacharelato e Ciclos Formativos de Electromecánica, Instalacións Eléctricas, Sistemas Microinformáticos e Xestión Administrativa abandonades o centro e iniciades unha nova etapa da vosa vida.

O IES de Curtis forneceuvos ao longo destes anos dos saberes precisos para afrontar con éxito, e a formación académica incrementouse cun amplo abano de actividades complementarias e extraescolares das que dan boa conta estes boletíns informativos.

Ao profesorado que dedicou moitas veces horas do seu tempo libre na vosa formación, quero felicitalo e animalo a seguir dando o mellor de si para que entre todos: pais, nais, profesorado e contorno educativo sigamos construíndo, como fixemos con vós, os alicerces que vos axudarán a andar pola vida.

Desexamos que a semente que fomos regando ao longo destes anos agrome grande e fermosa e dea os mellores froitos. Os vosos éxitos serán tamén os nosos. Miraremos dende a distancia coa satisfacción de ter contribuído a eles.

Juan Carlos Fandiño, Director do IES de Curtis